

Resolución reitoral do 26 de setembro de 2007 pola que se convoca a Matrícula nos Estudos de Terceiro Ciclo para o curso académico 2007/08.

En cumprimento do establecido nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela este Reitorado resolve publica-la convocatoria de matrícula nos estudos universitarios de terceiro ciclo para o curso académico 2007-2008, regulados polos Reales Decretos 778/1998 de 30 de abril (Boletín Oficial do Estado de 1 de maio) Real Decreto 56/2005 de 21 de xaneiro (B.O.E. do 25 de xaneiro) e polo Regulamento dos Estudos de Terceiro Ciclo (RETC) aprobado por Xunta de Goberno do 7 de abril de 2000, (modificado por acordo do 14 de novembro de 2000 e por acordos do Consello de Goberno do 22 de decembro de 2003 e do 18 xullo de 2005) e Resolución Reitoral do 5 de xullo de 2007.

Primeira.- Ámbito de aplicación

A presente convocatoria abrangue a tódolos alumnos que pretendan comezar ou continuar estudos de terceiro ciclo, ao abeiro do R.D. 778/1998, tanto na etapa de formación como na etapa de tese, así como aos que pretendan iniciar a etapa de tese ao abeiro do R.D. 56/2005.

Segunda.- Etapas do terceiro ciclo e condicións de acceso

De acordo co disposto no Real Decreto 778/1998 e no RETC, os estudos de terceiro ciclo articulanse en dúas etapas:

1.- Etapa de formación

1.1.- Período de docencia (1º curso).

O alumno debe matricularse e superar un mínimo de 20 créditos das materias do programa no que resultou admitido e, de se-lo caso, doutros programas. As materias terán a consideración de: metodolóxicas (A), básicas ou fundamentais (B) ou afíns (C).

Cando menos 15 deben corresponder a materias do tipo B do seu programa. Para completa-los 5 créditos restantes poderán matricularse de calquera materia do seu programa ou doutros programas.

A matrícula en créditos doutros programas está condicionada á aceptación por parte do coordinador correspondente. Con independencia do tipo que estas materias tivesen asignado orixinalmente, no expediente do alumno serán consideradas en todo caso como de tipo C.

1.2.- Período de investigación (2º curso).

Os alumnos que superaran o período de docencia deberán completar un mínimo de 12 créditos mediante a realización de un ou varios traballos coa denominación “Traballo de investigación tutelado” (TIT).

Para se poder matricular neste período é preciso ter completados 20 créditos do período de docencia, dos cales cando menos 15 deben ser de tipo B do seu programa.

Sen prexuízo do establecido anteriormente autorízase a matrícula ós alumnos que teñan un máximo de 6 créditos do período anterior pendentes de superar, que o alumno deberá superar para que se lle poidan recoñecer os correspondentes ó período de investigación.

Cando un alumno se matricule por segunda ou sucesivas veces do Traballo de investigación tutelado, a mencionada matrícula estará condicionada á aceptación expresa por parte do seu titor. Esta aceptación poderá aportala o alumno no momento da matrícula ou nos 15 días seguintes.

Potestativamente poderán matricularse en materias do período de formación do seu programa ou doutros programas, condicionado neste último caso á aceptación do coordinador ou coordinadores dos programas afectados

2.- Etapa de Tese

Para o acceso á etapa de tese o aspirante deberá estar en posesión do diploma de estudos avanzados (DEA no que segue) expedido por unha universidade española ou posuír unha titulación cun nivel académico equivalente.

Unha vez obtido o Diploma de Estudos Avanzados (DEA) e a suficiencia investigadora, os alumnos deben solicitar no departamento que corresponda a admisión nesta etapa, para o cal presentarán un proxecto de tese avalado por un ou varios doutores, que actuarán como director ou codirectores da tese.

Os alumnos admitidos na etapa de tese deben formalizar unha matrícula de tutela académica anual nos lugares e prazos que se indicarán máis adiante.

Así mesmo deben formalizar esta matrícula os alumnos que xa foran admitidos en anos anteriores por ter presentado o seu proxecto de tese e continuen coa realización da tese de doutoramento.

En ambos casos é preceptiva a admisión previa no departamento e da-la súa conformidade o director ou codirectores da tese.

Na matrícula figurará a dedicación a tempo **completo ou parcial** que os interesados van dedicar á realización da tese de doutoramento no presente curso académico.

Terceira.- Admisión de alumnos e publicación das listas

1.- Etapa de Formación

Os alumnos solicitarán a admisión nos programas de doutoramento no departamento correspondente de acordo co calendario aprobado (ANEXO I), a través da páxina web <https://matricula.usc.es/A3C>. Unha vez realizada a preinscripción deberán entregar o expediente académico e o curriculum debidamente documentado na Secretaría do Departamento.

Os departamentos farán pública a relación de alumnos admitidos no período de docencia xunto co titor asignado a cada alumno e, de se-lo caso, a lista de agarda e de excluídos nos prazos fixados no citado ANEXO I.

Ata o día 3 de outubro poderase presentar reclamación contra as listas no propio departamento. O día 4 de outubro publicaranse as listas definitivas de alumnos admitidos e que están en condicións de realiza-la matrícula.

Os departamentos deberán enviar á **Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua** as solicitudes de admisión daqueles alumnos que sexan aceptados o día 4 de outubro, e comunica-las posibles variacións que se produzan como consecuencia das reclamacións ou de outras circunstancias.

2.- Etapa de Tese

2.1.- Alumnos de Programas de Doutoramento (R.D. 778/1998)

A admisión / inscrición de alumnos na etapa de tese realizarase no departamento no que pretenda presentar o proxecto de tese entre o 1 e o 19 de outubro, de acordo co calendario publicado, a través da web, <https://matricula.usc.es/A3C>, e as listas de admitidos e inscritos publícase o día 29 de outubro.

Contra esta resolución os alumnos poderán presentar reclamacións ata o 12 de novembro, e o día 19 de novembro publicaranse a lista definitiva de alumnos que van realiza-la etapa de tese no departamento durante o curso académico 2007-08

Os departamentos deberán enviar á **Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua** as solicitudes de admisión daqueles alumnos que sexan aceptados o día 19 de novembro, e comunica-las posibles variacións que se produzan como consecuencia das reclamacións ou de outras circunstancias.

2.2.- Alumnos de Programas Oficiais de Posgrao (Real Decreto 56/2005)

A admisión/inscrición de alumnos na etapa de tese realizarase diante da Comisión Académica do P.O.P, no que pretenda presentar o proxecto de tese entre o 1 e o 19 de outubro, de acordo co calendario publicado, a través da web, <https://matricula.usc.es/A3C>, e as listas de admitidos e inscritos publícase o día 29 de outubro.

Deberán ser admitidos pola Comisión Académica do P.O.P, en función das prazas e de acordo cos criterios que se fixen mediante resolución da reitoría.

Contra esta resolución os alumnos poderán presentar reclamacións ata o 12 de novembro, e o día 19 de novembro publicarase a lista definitiva de alumnos que van realiza-la etapa de tese no P.O.P durante o curso académico 2007/08.

A Comisión Académica do P.O.P, deberá enviar a **Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua** as solicitudes de admisión daqueles alumnos que sexan aceptados o día 19 de novembro, e comunica-las posibles variacións que se produzan como consecuencia das reclamacións ou de outras circunstancias.

Cuarta.- Modalidades de matrícula

1.- Matrícula ordinaria

Formalizarán esta modalidade de matrícula os alumnos que cursen calquera das dúas etapas do terceiro ciclo e que, unha vez obtidos os créditos e demais avaliacións legalmente establecidas, dan lugar á obtención dos diplomas e títulos oficiais que correspondan.

En tanto non se diga expresamente o contrario, as presentes normas de matrícula refírense a esta modalidade de matrícula.

2.- Matrícula complementaria

Regulada no artigo 17 do RETC, e poderá ser utilizada para os alumnos que, unha vez obtida a autorización do coordinador correspondente, desexen cursar materias do período de formación dun programa, e se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- a) Alumnos matriculados na etapa de formación noutra universidade.
- b) Alumnos en posesión do DEA que estean elaborando a súa tese de doutoramento na USC ou noutra universidade.
- c) Alumnos de universidades estranxeiras en virtude de convenio coa USC, que desexen cursar unicamente determinadas materias do período de docencia.
- d) os alumnos que accedan a etapa de tese dende un P.O.P e que teñan que cursar estudos complementarios

Os estudos realizados en virtude dunha matrícula complementaria reflectiranse no expediente do alumno. As materias cursadas serán consideradas como de tipo C.

Quinta.- Procedemento de matrícula.

Os alumnos tanto da etapa de formación como da etapa de tese, formalizarán a súa matrícula nos prazos que se indican no ANEXO I a través da Secretaría Virtual da USC.

De non ser posible a realización da matrícula por internet deberá formalizarse nas unidades que se indican:

Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua

Pavillón Estudiantil (Campus Sur)

15782 Santiago de Compostela

Tel.981 563 100 – Ext. 14588 – 14587 – 14586 - 14585

Negociado de Alumnos e Información

Edificio da Biblioteca Intercentros (Campus Universitario)

27002 Lugo

Tel. 981 563 100 – Ext. 23588 - 23577

Sexta.- Prazos de matrícula (ANEXO I)

1.- Matrícula ordinaria

1.1.- Etapa de formación:

Do **9 de outubro** ó **7 de novembro** de 2007 (ata o 29 de decembro para alumnos titulados no estranxeiro).

1.2.- Etapa de tese:

Do **22 de novembro** ó **29 de decembro** de 2007

2.- Matrícula Complementaria

Do **22 novembro** ó **29 decembro** de 2007.

Sétima.- Documentación

Os alumnos deberán remitir ou entregar a documentación no prazo de dez días nas unidade correspondentes.

1.- Común para tódolos alumnos.

1.1.- Aqueles solicitantes de subvención para a exención ou redución dos prezos públicos por matrícula deberán indicalo na solicitude de matrícula. O Servizo de Axudas e Servizos ao alumnado recabará máis tarde a documentación necesaria para resolve-la concesión da axuda.

1.2.- Documentación acreditativa da condición de familia numerosa, de se-lo caso, ou de outros dereitos de exencións do pagamento por servizos académicos recollidos no Decreto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

1.3.- Credencial de bolseiro, ou copia de solicitude de bolsa no seu defecto, nos casos en que a bolsa leve asociada a gratuidade na matrícula e este importe sexa compensado polo organismo financiador.

2.- Matriculados por primeira vez no período de docencia ou en matrícula complementaria

2.1.- Alumnos procedentes de universidades españolas distinta da USC.

- Copia do DNI ou pasaporte.
- Copia compulsada do título de licenciado ou equivalente ou da certificación de telo solicitado.

2.2.- Alumnos estranxeiros

- Cando o título que lle da acceso ao terceiro ciclo fose obtido no estranxeiro, o alumno deberá aportar algún dos seguintes documentos agás se se trata de matrícula complementaria
- Resolución do M.E.C. concedéndolle a homologación do seu título.
- Resolución da USC concedéndolle a equivalencia (admisión previa de recoñecemento a que fai referencia o artigo 12 do regulemento do 3º ciclo).

De non estar en posesión de ningún destes documentos deberá aportar xustificante de ter solicitado a homologación ou a equivalencia. Neste suposto a matrícula quedará condicionada a presentación da resolución positiva.

3.- Matrícula no período de investigación.

Os alumnos que formalicen matrícula no período de investigación deberán aportar a conformidade do titor.

4.- Matrícula na etapa de tese

Só poderán formalizar matrícula na etapa de tese os alumnos previamente admitidos polo Departamento ou pola Comisión Académica do P.O.P.

Oitava.- Prezos de matrícula

A matrícula en calquera das etapas (formación ou tese) suporá o abono dos prezos públicos e taxas de secretaría que proceda, fixadas polo Decreto de xullo de 2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº de xullo) para o curso académico 2007/2008 polos seguintes conceptos:

1. Matrícula
2. Titoría anual de doutoramento
3. Apertura de expediente
4. Tarxeta universitaria de identificación

Así mesmo deberán aboar as contías establecidas polos conceptos de Seguro Escolar obrigatorio ou seguro obrigatorio para os estudantes non cubertos polo Seguro Escolar, de non estar exentos.

Os alumnos da **etapa de formación**, no momento da presentación da matrícula, poderán optar polo **pagamento íntegro** do importe ou polo **pagamento fraccionado** en tres prazos. Caso de optar polo pagamento fraccionado, o primeiro prazo aboarase no momento da matrícula polo 50 % do importe; o segundo prazo aboarase durante o mes de decembro polo 25 %, e o terceiro prazo durante a primeira quincena de marzo polo 25 % restante. O fraccionamento non afectará ós prezos do seguro escolar, tarxeta de identidade e apertura de expediente, os cales se aboarán no primeiro prazo.

A matrícula na **etapa de tese** implicará o abono da tarxeta de identidade xunto co seguro escolar para as persoas que a día 15 de setembro de 2007 non cumpriran os 28 anos ou ben un seguro obrigatorio para estudantes non cubertos polo seguro escolar nos demais casos (Acordo do Consello de Goberno do 20 de xuño de 2005). O importe

resultante deberá aboarse nun único prazo nos **10 días** seguintes a emisión da liquidación.

Só se recoñecerán as exencións de prezos públicos que figuren no Decreto de prezos públicos e taxas de secretaría aprobadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Non obstante o anterior, de cumprir os requisitos establecidos na Convocatoria de axudas e subvencións da USC, aplicarase o sistema de axudas para o aboamento dos prezos públicos da matrícula do Terceiro Ciclo

Unicamente poderán quedar exentos de aboar estes prezos:

1.- Tarxeta Universitaria de Identificación (TUI). O persoal da USC.

2.- Seguro obrigatorio. O persoal da USC e o persoal investigador, incluíndo aos bolseiros de investigación, cando sexan maiores de 28 anos sempre que acrediten estar afiliados e de alta no réxime xeral ou especial da seguridade social.

En caso de impago de todo ou parte do importe da matrícula en calquera das etapas aplicarase a Resolución Reitoral do 27 de xaneiro de 2004 sobre procedemento para a recadación de impagados por prezos públicos de matrícula.

Novena.- Desistencia e modificación da matrícula

Os alumnos matriculados na etapa de formación poderán desistir totalmente ou anular ou incluír materias na súa matrícula ata o **28 de febreiro de 2008**, mediante unha solicitude presentada na **Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua**.

En ningún caso se poderán anular materias que xa fosen impartidas, nin facer modificacións que dean como resultado o incumprimento dos créditos mínimos mencionados na norma segunda 1.1. Cando estas modificacións supoñan a inclusión de novas materias deben ser autorizadas polo coordinador ou coordinadores dos programas afectados.

Estas modificacións de matrícula, cando impliquen unha diferenza na liquidación de prezos públicos a favor do alumno serán tramitadas como devolucións pola **Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua**.

A autorización de anulación ou modificación pasados os prazos anteriormente determinados non implicará, en ningún caso, a devolución de prezos públicos

Transcorrido este prazo non se admitirán modificacións agás que previa xustificación sexan autorizadas polas seguintes causas:

- 1.- Ampliación de materias co obxecto de que o alumna poida beneficiarse de bolsas convocados polo MEC, Xunta de Galicia, Universidade ou calquera outro organismo oficial
- 2.- Resolución de validación sempre que se tivese solicitado no período ordinario de matrícula.
- 3.- Admitirase a modificación de matrícula no suposto de modificación de horarios consonte os cales o alumno formalizou matrícula.
- 4.- Naqueles supostos en que polas situacións persoais ou académicas, estime o Reitorado a procedencia da modificación ou anulación da matrícula.

Décima.- Traslados

1.- Etapa de formación

Os alumnos que superaran estudos parciais na etapa de formación noutra universidade, e desexen continua-los estudos de terceiro ciclo na USC, deberán aterse ós prazos de admisión nos departamentos e posterior matrícula mencionados na presente resolución. De se-lo caso, a solicitude de validación das materias superadas presentarse nos mesmos prazos que os de matrícula, xunto ca copia da certificación académica dos estudos de terceiro ciclo nos que estivese matriculado e xustificación do traslado de expediente da universidade española de orixe.

2.- Etapa de tese

Igualmente os alumnos que desexen realiza-la tese de doutoramento nalgún departamento da USC deberán obte-la súa admisión e formaliza-la matrícula nos prazos establecidos. O traslado de expediente non se requirirá para aqueles que estean en posesión do Diploma de Estudos Avanzados expedido por unha Universidade española.

Os alumnos estranxeiros que estean en posesión de títulos equivalentes ao DEA ou de algún título de posgrado que lle dea acceso a etapa de tese no país de procedencia deberá solicitar a admisión en calquera caso. Estas peticións serán resoltas polo Servizo de Xestión Académica previo informe da Comisión do Terceiro Ciclo.

Décimoprimeira.- Resolución das reclamacións, queixas ou recursos.

As reclamacións, queixas ou recursos interpostos polos alumnos desta universidade en asuntos relativos á matrícula serán resoltas a través da OAR ó abeiro desta convocatoria e demais resolucións e acordos que regulamenten o réxime do alumnado, sen prexuízo das disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación en cada caso.

Décimosegunda.- Norma final

Para os efectos da presente convocatoria, as mencións que nela se fan ós departamentos universitarios deben entenderse que inclúen igualmente ós institutos universitarios ou de se-lo caso as Comisións Académicas do P.O.P.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2007

O REITOR,




Senén Barro Ameneiro